



# Equipos de Dinamización da Lingua Galega

**PROXECTO DE FOMENTO  
DO USO DO GALEGO  
CURSO 2020/2021  
CEIP PLURILINGÜE  
A LAXE**

## ÍNDICE

### A.-BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO ACTUALIZADO ATENDENDO A:

- 1 Contorno sociolingüístico do centro
- 2 Situación do profesorado.
- 3 Situación do alumnado.
- 4 Situación lingüística do centro.

### B.-OBXECTIVOS REFERIDOS A:

1. Contorno sociolingüístico.
2. Situación do profesorado.
3. Situación do alumnado.
4. Situación lingüística do centro.

### C.-ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA REFERIDAS A:

1. Contorno sociolingüístico e situación lingüística do centro.
  - Festas tradicionais.
  - Recoñecemento do patrimonio sociocultural.
  - TICs no colexio.
2. Situación do profesorado.
  - Xuntanzas pola normalización
  - Colaboración coas Asociacións do contorno.
3. Situación do alumnado.
  - Prensa: revista escolar: Valón.com nº 17.
  - Cartelería en galego
  - Proxectos Educación Infantil
  - IX Certame de creación literaria.
  - Contos entre aulas.
  - Voz Natura.
  - XX Certame de creación artística poesía e imaxe.
  - Construindo a igualdade de sexos
  - Teatro

### D.- CADRO-RESUMO DE ACTIVIDADES

## **A.- SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA**

A situación sociolingüística que xustifica a necesidade do proxecto é a seguinte:

### **1 *Contorno sociolingüístico.***

O CEIP Plurilingüe A Laxe atópase nun contorno semirural e os alumnos e alumnas, na súa maioría, veñen do medio rural, sen embargo a proximidade da zona urbana de Ferrol, cidade moi castelanizada, inflúe moito no emprego do Castelán. As enquisas realizadas anos atrás revelaban que a maioría dos alumnos e alumnas (aproximadamente un 85%) aprenderon a falar en castelán e habitualmente falaban só en castelán ou predominaba esta lingua. A información que nos aportan as enquisas que se realizan ao comezar a E. Infantil seguen amosando a predominancia da lingua castelá, este curso cun 100%. Así e todo en xeral teñen unha actitude moi positiva en canto ao galego no eido educativo e asumen que a correspondencia, circulares, carteis e outras informacións que parten do centro se realizan en lingua galega.

### **2 *Situación do profesorado.***

A situación de partida no presente curso é a que segue: dos 9 mestres do centro, 10 incluíndo á Orientadora que asiste ao centro os mércores e venres e, 2 empregan o galego de xeito habitual, e o resto, aínda que emprega o castelán de xeito habitual, no centro educativo utiliza as dúas linguas na porcentaxe indicada no Proxecto Lingüístico de Centro.

A maior parte dos mestres consideran que teñen unha capacitación media ou alta para empregar o galego na actividade docente e en relación ás actitudes cara o galego o profesorado amosa unha actitude boa ou moi boa. Podemos dicir ademais que todo o profesorado do centro está implicado en tódalas actividades para a potenciación do uso da Lingua Galega e que fomenta a participación do alumnado activamente no seu desenvolvemento, xa que todo o claustro é consciente da situación de desvantaxe na que se atopa o galego no noso entorno.

Por outra banda, queremos facer mención ao feito de que os ordenadores do centro teñen os programas de tratamento de textos predeterminados no idioma galego para poder

desenvolver correctamente as distintas actividades do centro.

### **3 Situación do alumnado.**

O alumnado do centro emprega a lingua galega dentro da aula porque xa forma parte deles e da súa realidade cotiá no colexio. Sen embargo no que se refire a o uso do galego fóra, só os rapaces que teñen o galego como lingua materna a utilizan noutros contextos.

En canto ao análise das actitudes cara o uso do galego estas son positivas ou moi positivas, pero a realidade é que raramente utilizan o galego en contextos informais, fóra da aula.

### **4 Situación lingüística do centro.**

**Na etapa de educación infantil**, o profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado, terá en conta a lingua do contorno e coidará de que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia. Para determinar cal é a lingua materna predominante a Consellería facilita unha enquisa que terán que cubrir todas as familias. Se como resultado da enquisa o contorno é castelán falante utilizarase nesta etapa a lingua castelá e viceversa.

Este curso o resultado da enquisa foi que o contorno é castelán falante, por tanto utilizarase nesta etapa esta lingua como lingua de comunicación e ensinanza, introducindo paulatinamente a lingua galega en tantas actividades como sexa posible e garantindo unha exposición frecuente e propiciando contextos galego falantes para promover o seu uso.

**Na etapa de educación primaria** impartiranse obrigatoriamente en galego as áreas de Ciencias Sociais e Ciencias Naturais e en castelán a área de matemáticas seguindo o artigo 6 punto 2 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

O centro decide en que lingua se impartirán o resto das áreas baseándose para elo no artigo 6º punto 4 do decreto mencionado anteriormente que din: “Decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais...”

## **B.- OBXECTIVOS**

### ***Referidos ao contorno sociolingüístico***

- Fomentar e apoialo traballo de investigación e recuperación das tradicións populares máis identificadas co noso contorno.
- Apoiar á ANPA en todas aquelas actividades que favorezan o proceso de normalización.
- Recuperar tradicións populares: xogos, cantigas, bailes, refráns ou ditos.
- Valorar o medio social, cultural e profesional do noso contorno, así como recompilar información sobre as nosas tradicións ( Oficios, costumes ...).
- Continuar coas labores de mantemento das árbores do centro co nome científico en galego e en castelán.

### ***Referidos á situación do profesorado***

- Continuar levando a cabo en galego toda a correspondencia cos organismos oficiais e entre o profesorado.
- Levar a cabo reunións periódicas tanto do Equipo de Dinamización da Lingua Galega como o resto dos Equipos, para a organización do traballo a realizar.
- Os mestres tutores manterán un contacto diario cos familiares con motivo da traída e recollida dos alumnos e levarán a cabo entrevistas trimestrais.
- Colaborar coas diversas entidades que se atopan ao noso arredor (Asociación de Veciños O Cruceiro de Valón, outros centros educativos e culturais) para a realización de distintas actividades que contribúan á presenza do galego no entorno.

### ***Referidos á situación do alumnado***

- Dar a coñecer o patrimonio cultural de Galicia (lendas, adiviñas, conxuros, tradicións, cantigas, xogos populares, contos poesías, personaxes relevantes, refráns, ...) tendo unha especial relevancia aqueles que estiveran directamente relacionados co enclave do colexio, Valón e proximidades.
- Potenciar o gusto pola expresión oral e escrita tanto en lingua galega como en lingua castelá e inglesa.

- Favorecer a lectura a través de diferentes medios escritos (xornais, libros, cómics, publicidade...)
- Realizar lecturas de xeito sistemático nun período de tempo diario determinado que dependerá da idade e das necesidades do alumnado.

O alumnado que non teña suficiente dominio da lingua recibirá atención individualizada por parte do titor.

O mestre titor pode fomentar a axuda entre iguais nomeando axudantes de entre o resto dos alumnos da aula para que colaboren co alumno que ten dificultades en adquirir un correcto dominio da lingua.

Tamén poden establecerse programas específicos para o alumnado que presente graves carencias lingüísticas.

### ***Referidos á situación lingüística do centro.***

- O obxectivo xeral que pretendemos neste colexio é a potenciación do uso do galego, de xeito que camiñar cara a normalización sexa un feito constatado na vida académica, social e administrativa do colexio.
- Potenciar o uso da lingua galega ata chegar a igualar ao castelán.
- Revalorizar a cultura galega.
- Fomentar unha actitude positiva e respectuosa cara o uso do galego.
- Conseguir que a comunidade educativa se exprese en galego no contorno escolar.
- Participar nos distintos concursos que convoque a Administración educativa co fin de acadar os recursos materiais e humanos que posibiliten a posta en práctica das actividades a través das cales se desenvolve o Proxecto lingüístico do centro.
- Celebrar as festas tradicionais galegas (Magosto, Samaín, Nadal, Entroido, Maíos e Letras galegas)
- Empregar a lingua galega en todas as celebracións e conmemoracións que se desenvolven no centro.
- Levar a cabo investigacións sobre o patrimonio sociocultural do contorno de Ferrol.

### **C.- ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

As actividades que se describen de seguido son as que realizamos todos os anos e que

xa están integradas na Comunidade Escolar. En todas elas pretendemos o **fomento da lingua oral** con actividades tipo,

#### **Educación Infantil:**

As rutinas diarias, nomeamento de encargado, data no encerado e plantexamento do traballo do día faise en galego para achegar aos nenos todo o vocabulario empregado a tal fin. Tamén se fai en galego todo o relativo aos proxectos que se traballan en cada trimestre, ampliando o vocabulario relacionado con temas moi diversos e entendendo o galego como vehículo de comunicación en calquera materia.

#### **Educación Primaria:**

- No traballo de 1º e 2º curso de EP incídese na aprendizaxe de adiviñas, trabalinguas e cancións aproveitando o gusto dos rapaces e rapazas pola repetición, o ritmo e a sonoridade da lingua.
- No 3º e 4º curso de EP o galego é a lingua empregada para expoñer traballos oralmente aos compañeiros así como para establecer pequenos debates na aula.
- Preséntanse lecturas aos compañeiros pedindo xuízo crítico sobre as mesmas e tamén se realizan xogos de adiviñas ou cazas do tesouro por medio de pistas que se explican oralmente.
- No 5º e 6º curso EP trabállase a oralidade expoñendo ante os compañeiros contos ou outro tipo de textos inventados polo alumnado. Tamén se fomenta a recollida de lendas ou historias de transmisión oral das familias e cóntanse aos demais.

A **promoción da lingua escrita** lévase a cabo en

#### **Educación Infantil:**

Non é un obxectivo propio desta etapa pero vaise traballando pouco a pouco por medio de fichas de vocabulario e lectoescritura relacionadas coas rutinas e cos proxectos.

#### **Educación Primaria:**

- No 1º e 2º curso de EP propóñense actividades adaptadas ao momento do ano e aproveitando o currículo dese momento, van desde cambiar finais de historias coñecidas a inventar outras relacionadas cos temas tratados ou mesmo a creación de contos viaxeiros que empezan neste ciclo e pasan aos seguintes ata rematar a

historia.

- No 3º e 4º curso de EP realízanse murais ilustrando pequenas investigacións que se formulan na aula e poden referirse a temas do currículo ou aplicarse a festas tradicionais ou calquera outra actividade transversal. Tamén se poñen pés de foto a imaxes seleccionadas previamente de distintas fontes.
- No 5º e 6º curso de EP trabállase a prensa intensamente e redáctanse noticias reais ou inventadas.

Seguen a traballarse os contos facendo textos para ser lidos insistindo na corrección na escrita. Promóvese a participación en concursos e certames literarios en lingua galega.

En cada un dos cursos e adaptadas ao nivel do alumnado propóñense **actividades relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación:**

#### **Educación Infantil:**

Utilización da pantalla dixital para a realización de xogos de lóxica-matemática, vocabulario, crebacabezas ... relacionados co proxecto ou celebración que se está a traballar nese momento. Tamén se emprega a diario o recanto de informática empregando xogos e CD de contidos e música en lingua galega.

Estase a empregar o curso de inglés dos Bolechas na clase de inglés considerando o reforzo que fai da lingua galega e tirando partido das personaxes xa coñecidas polo alumnado.

No 1º e 2º curso de EP realízanse actividades tendentes a identificar elementos dun anuncio, localizar datos nun folleto, comprender noticias, invitacións e coñecer sinais de tráfico.

No 3º e 4º curso de EP empréganse procesadores de texto para a elaboración de escritos. Fanse presentacións escritas e con imaxes coa axuda de ferramentas informáticas. Utilízase a pantalla dixital e realízanse actividades na aula virtual, presentación de materias e actividades interactivas a través de ligazóns de interese.

No 5º e 6º curso de EP, E-Dixgal, trabállanse contidos de distintas áreas empregando os ordenadores, buscando, seleccionando e organizando información. Prodúcese documentos de diverso tipo e con diferentes propósitos, xa sexan relativos a áreas de aprendizaxe como ás festas e propostas creativas que se fan ao longo do curso.



O uso das TICs é fundamental para crear a nosa revista escolar, dando cada vez máis pulo á súa edición dixital.

O centro mantén relacións con entidades que propoñen actividades que empregan a lingua galega, tal é o caso de programas como “**Ponte no meu lugar**” que pretende chegar ao alumnado a situación de persoas con problemas físicos. O Programa de **Igualdade do Concello** de Ferrol pretende contribuír á conciencia de igualdade por medio de actividades amenas e divertidas para o alumnado. Charlas de reciclaxe, seguridade na rede.... son realizadas no centro valorando sempre que a lingua galega sexa a empregada para desenvolverlas.

Nas relacións co contorno pretendemos involucrar ás familias nas celebracións e actividades como tarefas de cultivo, elaboración de disfraces e colaboración en propostas de aula.

Tamén queremos que as familias manteñan contacto frecuente co centro e fagan achegas desde a súa perspectiva persoal e profesional.

Temos previsto aproveitar persoas relevantes do noso entorno para facer algunha charla aos alumnos e alumnas sobre temas diversos, libros ou xente emerxente que desenvolva o seu traballo en galego.

Esta descrición de actividades aplícanse ás programadas tradicionalmente no centro e que se describen de seguido e tamén no cadro-resumo posterior.

Todas estas actividades realizaranse sempre e cando a situación sanitaria o permita, adaptaranse a modalidade presencial, semipresencial ou virtual-

## **1. REFERIDAS AO CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO E A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO**

### ***CELEBRACIÓN DE FESTAS TRADICIONAIS***

Na nosa escola tratamos de manter as festas tradicionais máis importantes como son: o Magosto, o Samaín, o Nadal, o Entroido, os Maios, o día das Letras Galegas e Maoios así como unha festa de convivencia que celebramos ao final do curso coas familias.

Os obxectivos que pretendemos con estas celebracións son fundamentalmente:

- a) Comprende-la importancia que ten manter as tradicións.
- b) Elaborar materiais relacionados coas festas tradicionais.
- c) Recoller en vídeo e fotos as tradicións.
- d) Expresar oral e graficamente ideas valorando sempre que a lingua galega sexa a empregada para desenvolveselas.
- e) Memorizar cantigas, rimas, poesías, refráns, trabalinguas..., relacionados coas festas sobre as súas orixes e repercusións o longo do tempo.
- f) Elaboración de vídeos de educación medioambiental e de celebracións das diferentes conmemoracións e difusión a toda a comunidade educativa a través da WEB.

Nas relacións co contorno pretendemos involucrar ás familias nas celebracións e actividades como tarefas de cultivo, elaboración de disfraces e colaboración en propostas de aula.

Tamén queremos que as familias manteñan contacto frecuente co centro e fagan achegas desde a súa perspectiva persoal e profesional.

Temos previsto aproveitar persoas relevantes do noso entorno para facer algunha charla aos alumnos e alumnas sobre temas diversos, libros ou xente emerxente que desenvolva o seu traballo en galego.

Esta descrición de actividades aplícanse ás programadas tradicionalmente no centro e que se describen de seguido e tamén no cadro-resumo posterior.

### ***RECOÑECIMENTO DO PATRIMONIO SOCIOCULTURAL***

Participaremos nas actividades propostas polo Concello de Ferrol destinadas a poñer en valor o noso patrimonio e promoveremos nos alumnos e alumnas a visita aos museos, exposicións e lugares de interese da cidade para que leven ás familias e lles amosen e descubran todos estes recursos para ampliar as súas posibilidades de ocio. (Museo de Historia Natural, Exponav ...)

### **AS TICS NO COLEXIO**

Cada curso a WEB tería que cobrar máis importancia, xa que nela deberían estar reflectidos, e sempre en galego, todos os proxectos e actividades que se vaian realizando no centro: celebracións, saídas, educación medioambiental e para a igualdade, proxectos, revista e xornal ... A realidade é que nun centro pequeno como o noso non sobra tempo para realizar estas tarefas, si resaltar este ano que mellorou a velocidade de internet polo que as tarefas vólvense máis sinxelas; ademais este ano estamos máis involucrados nas redes sociais tendo o colexio o seu propio Facebook.

Os nosos obxectivos son:

- Establecer unha canle de comunicación coa comunidade educativa.
- Difundir as diferentes actividades que se realizan no centro.
- Incentivar o uso da lingua galega nos centros educativos en novos espazos e soportes.
- Favorecer a innovación educativa para promover xeitos cada vez máis efectivos de aprendizaxe das linguas.
- Promover unha relación positiva dos rapaces coa lingua propia de Galicia, ao relacionala co audiovisual e coas TIC.
  - Vincular o Proxecto E-Dixgal ao traballo cotián no centro así como as posibilidades que ofrece na relación coas familias, poñendo en valor a importancia desta ferramenta no uso da lingua galega para a documentación e difusión das actividades escolares.

## **2. REFERIDAS Á SITUACIÓN DO PROFESORADO**

### **Xuntanzas**

Esta actividade terá lugar unha vez ao mes coa finalidade de analizar entre todo o claustro diferentes aspectos da ensinanza do galego para promover o seu uso.

Os obxectivos desta actividade son:

- Análise da nosa realidade lingüística.
- Concienciar ao profesorado da importancia de falar entre nós e cos rapaces sempre en galego.
- Organización do traballo a realizar con respecto á dinamización lingüística entre os distintos equipos docentes.

### **Colaboración coas asociacións do contorno**

A comunidade educativa é parte da nosa sociedade, e por iso atopamos importante abrir o centro á sociedade e colaborar coas diversas entidades que se atopan ao noso redor. Así este ano colaboraremos en diferentes proxectos con:

- Asociación de Veciños O Cruceiro de Valón, coa que mantemos estreito contacto, xa que o local da mesma linda co noso centro.
- As Asociacións de Veciños das parroquias coas que colaboramos cando temos ocasión, sobre todo nas celebracións das Letras Galegas, que soen protagonizar os nosos alumnos e alumnas.

### **3. REFERIDAS Á SITUACIÓN DO ALUMNADO**

- **Prensa: a Revista Escolar Valón.com**

Ao longo de todo o curso todo o alumnado e o profesorado van realizando diferentes actividades en galego como a creación de contos, poemas, adiviñas, xeróglifos e encrucillados, traballos de investigación empregando as TIC e os fondos da biblioteca... No mes de Maio, escolleranse por grupos aqueles que van a formar parte da nosa revista VALÓN.COM.

Este ano sairá o nº 17 desta revista.

Desde o curso pasado a revista ten unha edición dixital e está á disposición de toda a comunidade educativa na páxina web do centro a través dun QR, unicamente imprimimos copia para os alumnos e alumnas de 6º curso para agasallalos como despedida.

Obxectivos:

- a) Crear contos, poemas, adiviñas, xeroglíficos, encrucillados, cómics, etc., en galego.
- b) Manexa-las diferentes técnicas expresivas.
- c) Valora-lo traballo doutros compañeiros.
- d) Utilizar novas tecnoloxías para a realización dos traballos
- e) Difundir as nosas experiencias

### **Cartelería en galego**

Continuaremos ao longo do curso elaborando cartelería en galego para difundir as nosas actividades no centro e fóra do mesmo, así como publicitar no contorno o noso centro, fomentando sempre a orixinalidade nas propostas e o uso de diferentes técnicas para a súa confección.

## **XI Certame de creación literaria**

Realizarase un certame de creación literaria na que participarán os alumnos e alumnas do centro. Haberá diferentes categorías: contos, poesías, cómics, murais... e para integrar aos máis novos engadimos a categoría de ilustración en EI . Os agasallos a todos os participantes se entregarán no Día do Libro. Para a celebración deste día realizaranse as actividades que propoña o Equipo da Biblioteca: lectura individual no patio, lectura de traballos elaborados polos alumnos e exposición dos traballos.

Pretendemos con esta actividade:

- a) Fomentar o gusto pola escritura e lectura de contos e poesías.
- b) Propiciar actividades en equipo.
- c) Fomentar nos alumnos e alumnas máis novos o uso do galego.
- d) Respetar as creacións dos compañeiros.
- e) Desenvolver un espírito crítico coas creacións propias e alleas.

## **Contos entre aulas**

A actividade consiste en que cada aula prepare un conto para contar e representar, coa peculiaridade de que o alumnado de cursos superiores lles relaten os contos aos rapaces e rapazas de cursos inferiores, e viceversa. Desta forma promoveremos non só o contacto entre alumnado de diferentes idades senón tamén o goce coa literatura oral. Esta actividade terá lugar nas dúas semanas dedicadas á celebración do día do libro, e se o tempo o permite, farémola fóra, buscando espazos novos para actividades de sempre, e conectando con outras culturas nas que a escola é a sombra dunha árbore.

Pretendemos:

- a) Preparar un conto para que os que escoitan gocen del.
- b) Aumentar o contacto entre alumnos de diferentes clases e ciclos.

- c) Fomentar o gusto pola lectura entre o alumnado a través do conto relatado e representado.
- d) Valorar o contorno como espazo educativo.

### **“Voz natura”**

O centro participa desde hai anos no proxecto medioambiental de Voz natura, as actividades que se realizan son:

- Elaborar traballos relacionados co medio ambiente.
- Utilizar novas tecnoloxías para a realización dos traballos.
- Elaboración dunha exposición agro coa colaboración coa AAVV.
- ECOPATRULLA.

### **XX Certame de creación artística poesía e imaxe**

Realizarase este concurso de creación artística na que participarán os alumnos e alumnas do centro promovido polo Concello de Ferrol. Nel o alumnado ilustrará diversas poesías que redactarán na súa lingua orixinal e en galego.

Con todas estas imaxes realizarase unha exposición nos corredores do cole, e os mellores traballos serán presentados no concurso do concello.

Pretendemos con esta actividade:

- a) Fomentar o gusto pola escritura e lectura de poesías.
- b) Respetar as creacións dos compañeiros.
- c) Desenvolver un espírito crítico coas creacións propias e alleas.

### **Construíndo a igualdade de sexos**

Deseñamos esta actividade desde o EDLG porque é fundamental na nosa sociedade e porque se vai realizar integramente en galego e vai abarcar a toda a comunidade educativa e incluso a outras entidades.

Búscase acadar os seguintes obxectivos:

1. Traballar o concepto de igualdade desde a casa, a escola e a sociedade.
2. Reforzar a idea de igualdade que ten o alumnado.
3. Observar o papel das mulleres na familia e na sociedade.

4. Analizar imaxes, tarefas e xoguetes dun modo crítico e o tratamento destas imaxes, tarefas e xoguetes en relación co estereotipo das mulleres.
5. Comparar os roles dos homes e os das mulleres.
6. Dar ao alumnado recursos para desenvolver a igualdade entre sexos.
7. Analizar ao longo da historia as mulleres científicas.
8. Analizar ao longo da historia as mulleres pioneiras.

**Participación nas diferentes actividades propostas polo Concello sempre que haxa a oferta , adaptándose a situación sanitaria provocada por mor da pandemia**

- Correlingua.
- Ferrol cuberto con flores.
- Teatro con G.
- Teatro que ofertan outros Concellos.

**(Adaptación do DOG 18/01/2016)****Anexo II. CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES**

<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>TÍTULO DA ACTIVIDADE</b>	<b>RESPONSABLES, DEPARTAMENTOS</b>	<b>DESTINATARIOS</b>	<b>ORZAMENTO</b>	<b>MATERIAL</b>
Ao longo do curso	Emprego da lingua	EDLG Profesorado	Comunidade Educativa	75€	Material papelería
Derradeira semana de outubro	O Samaín e o Magosto	EDLG Equipo de biblioteca Titores e especialistas	Comunidade Educativa Alumnado	90€	Folios, papel continuo,tóner, ceras, témperas, cartolinas...
Novembro	Resolución de enigmas, trivial das emocións (traballo cooperativo)	EDGL , Actividades extraescolares e Biblioteca	Alumnado		Recursos TIC
Novembro	Semana da Ciencia en galego	EDLG Club de Ciencias	Alumnado	40€	Material para realizar experimentos e exposicións dos traballos.
25 de novembro	Día contra a Violencia de Xénero	EDLG Profesorado Equipo de Biblioteca	Alumnado	30€	Papel continuo, cola branca, folios, cartolinas, pegamentos.
Ao longo de todo o curso	Apadriñamentos lectores	EDGL e Biblioteca	Alumnado		Libros da biblioteca
20 de decembro	Nadal	EDLG Profesorado Equipo de Biblioteca	Alumnado	40€	Papel continuo, cola branca, folios, cartolinas, pegamentos.
Ao longo de todo o curso	Cartelería	EDLG e Equipos de nivel	Comunidade Educativa	50€	Cartolina e pinturas e material funxible.



30 de xaneiro	Día escolar pola Paz	EDLG Profesorado Equipo de Biblioteca	Alumnado e profesorado Familias		Materiais de papelería.
Ao longo de todo o curso	Recoñecemento do patrimonio sociocultural	EDLG e Actividades Complementarias e Extraescolares	Alumnado e profesorado Familias	30€	Materiais de papelería.
2º trimestre	Animación á lectura (as familias lerán contos nas aulas)	EDGL e Biblioteca	Familias	20€	Materiais de papelería
Do 6 ao 12 de febreiro	Entroido	EDLG e Actividades Complementarias e Extraescolares, Titores	Alumnado	70€	Materiais de papelería, telas...
2º trimestre	Construíndo a igualdade de sexos. Investigamos sobre as primeiras mulleres científicas.	EDLG , Biblioteca e Familias	Alumnado, profesorado e familias.	25€	Material impreso. Revistas, xornais, contos. Material papelería
24 de febreiro	Celebración do día de ROSALÍA DE CASTRO (24 de febreiro)	EDGL e Biblioteca	Alumnado e profesorado	40€	Poesías, vídeos. Material de papelería.
8 de marzo	Día da muller traballadora	EDLG Profesorado Equipo de Biblioteca	Alumnado	25€	Papel continuo, folios, tóner....

Mes de marzo	Semana da prensa	EDLG Profesorado Equipo de Biblioteca	Alumnado,	25€	Prensa de todo tipo, rotuladre, cartolinas, tóner, papel continuo...
Ao longo de todo o curso e publicación en maio	Revista escolar	EDLG Equipos Docentes ANPA TIC	Alumnado, profesorado, familias, concello, AAVV	200€	Folios, copias en cor , copias en branco e negro .
Do 11 ao 15 de maio	Letras Galegas	EDLG Profesorado Equipo de Biblioteca	Alumnado	25€	Materiais de papelería.
Ao longo de todo o curso	Páxina WEB do CEIP Plurilingüe A Laxe	"Voz Natura" , EDLG, profesorado, Tics	Alumnado de Primaria, profesorado, familias		Recursos TIC
Ao longo de todo o curso	Participación no Correlingua, Ferrol cuberto con flores, Teatro con G (sempre e cando a pandemia o permita)	EDGL	Alumnado e profesorado	120€	Subvención para o transporte do alumnado.

**O importe total solicitado é de 905€**, e a coordinadora do proxecto comprométese a desenvolver as actividades programadas no caso de obter o financiamento suficiente.

Ferrol, a 14 de febreiro de 2021.

A Coordinadora do EDLG e  
Directora do centro

Asdo.: Patricia M<sup>a</sup> Cons Formoso.